


# DOSSIER DE PRENSA

## PROXECTO DE ACTUACIÓNS 2021 - XEODESTINO COUREL



galicia



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA



1. INTRODUCCIÓN E ALIÑAMENTO COA ESTRATEXIA DE TURISMO DE GALICIA
2. DESTINO COUREL: XEODESTINO E LOCALIZACIÓN
3. PRODUTOS ESTRELA DO DESTINO COUREL
4. ACTUACIÓNS DO PROXECTO
  1. OBRADOIRO DE EMPRENDEMENTO “DESTINO COUREL”
  2. XORNADA DE CREACIÓN DE EXPERIENCIAS TURÍSTICAS DO “DESTINO COUREL”
  3. XORNADA DE PRESENTACIÓN DO CLUB DE PRODUTO TURÍSTICO GASTRONÓMICO DA CASTAÑA E DO MEL
5. CRONOGRAMA DE ACCIÓNS

# 1

## INTRODUCCIÓN E ALIÑAMENTO COA ESTRATEGIA DE TURISMO DE GALICIA


# 1.1. INTRODUCCIÓN

**“Destino Courel” é unha iniciativa creada pola asociación GDR Ribeira-Sacra Courel que se definiu no ano 2020 como a marca do xeodestino O Courel, que abarca catro concellos da zona.**

Con case un ano de andaina, no xeodestino xa se fixeron numerosas iniciativas, sobretudo centradas na creación e consolidación de produto turístico a través das novas tecnoloxías:

- Fíxose unha diagnose territorial completa do xeodestino incluíndo os apartados: demográfico, territorial, económico, turístico e un DAFO ao completo, que se valoraron as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do destino; destacando neste apartado a vantaxe na creación de novos produtos turísticos para a reconversión dos destinos e o seu aliñamento co Plan Estratégico tanto de Turismo como do Xacobeo.
- Creouse o portal web [www.destinocourel.org](http://www.destinocourel.org) onde se recompilou toda a información da diagnose nunha plataforma online comprensiva onde se dispón da información turística do destino.
- O Destino Courel tamén traballou nun proxecto de Plan de Sustentabilidade que foi presentado a unha candidatura de axudas europeas.
- Organizouse unha xornada de Actividades Agroalimentarias Experienciales para promoverlas como un novo modelo de aproveitamento e optimización dos recursos que se atopan no xeodestino. A xornada compúxose de sesións formativas, análise de casos de éxito e unha actividade de teamcooking.

**Esta proposta supón unha nova a aposta polo desenvolvemento do sector turístico no Destino Courel, no que se deseñaron cinco actuacións configuradas por diferentes accións, enfocadas a un mesmo obxectivo: o desenvolvemento do turismo gastronómico e sustentable no xeodestino Courel.**






## 1.2. ALIÑAMENTO COA ESTRATEXIA DE TURISMO DE GALICIA

A presente proposta alíñase coas diversas liñas estratéxicas desenroladas no **Plan Director 2021 - 2023** para a transformación de **Galicia como Destino Seguro**.

Así, este proxecto pretende non só combater os efectos da crise no rural galego, senón tamén reinventar o ecosistema turístico, situándoo na mellor situación competitiva posible ao remate da crise sanitaria.

Polo tanto, as principais apartados aos que faremos referencia no presente estudo serán as seguintes:

- 1. Apoio ao tecido empresarial:** A prioridade é a supervivencia das empresas e salvar o maior número posible de postos de traballo. Na consecución do devandito proxecto potenciaremos as empresas e produtores locais, posicionando a gastronomía do Courel nun lugar competitivo no panorama galego e fomentando a creación de empresas novas que xeren turismo e riqueza á zona. A posta en marcha do taller de emprendemento desempeñará un papel relevante na mellora da economía da zona, xa que pretenden reforzar o sector turístico e fomentar a creación de negocios máis competitivos e resilientes.
- 2. Territorio e recursos turísticos:** Conseguir que as persoas que visitan Galicia (e neste caso concreto O Courel) leven na memoria vivencias auténticas e singulares é un dos obxectivos primordiais que perseguen as accións propostas neste proxecto. Ademais, farase fincapé no coidado do patrimonio e a paisaxe. É por iso polo que potenciaremos as experiencias gastronómicas, rutas e percorridos naturais, turismo cultural e iniciativas turísticas como ferramenta de desenvolvemento rural. Apostarase por un modelo de turismo sustentable que sirva de motor de cambio e diversificación da oferta.
- 3. Promoción, comercialización e marketing turístico:** Ante a esixencia de adaptar o posicionamento ás tendencias de consumo turístico actuais, faise necesaria unha liña estratéxica que entenda os principais atributos positivos do destino para detallar un relato que empaticice coas persoas, trasladando un discurso emocional. Por iso, mediante o desenvolvemento da imaxe gráfica, a identidade corporativa, unha páxina web e redes sociais do Destino Courel, farase unha campaña de promoción que posicione nun lugar competitivo o territorio, atraendo novos visitantes.



# 1.3. LIÑAS DO PLAN DIRECTOR NAS QUE INCIDE O PROXECTO

Plan director 2021-2023 Galicia destino seguro

LIÑA ESTRATÉXICA 1  
Galicia destino seguro e de saúde

PLAN DE ACCIÓN 1.3

**TURISMO ACTIVO  
E DEPORTIVO**



Plan director 2021-2023 Galicia destino seguro

LIÑA ESTRATÉXICA 2  
Apoio ao tecido empresarial

PLAN DE ACCIÓN 2.3

**PLAN DE EMPREGO  
E FORMACION  
TURÍSTICA**



Plan director 2021-2023 Galicia destino seguro

LIÑA ESTRATÉXICA 3  
Territorio e recursos turísticos

PLAN DE ACCIÓN 3.3

**ENOGASTRONOMÍA**



Plan director 2021-2023 Galicia destino seguro

LIÑA ESTRATÉXICA 3  
Territorio e recursos turísticos

PLAN DE ACCIÓN 3.8

**TURISMO COMO  
FERRAMENTA DE  
DESENVOLVEMENTO  
RURAL**



Plan director 2021-2023 Galicia destino seguro

LIÑA ESTRATÉXICA 4  
Promoción, comercialización e márketing turístico

PLAN DE ACCIÓN 4.4

**POSICIONAMENTO DE  
PRODUTOS ESPECÍFICOS  
E NOVOS PRODUTOS**



Plan director 2021-2023 Galicia destino seguro

LIÑA ESTRATÉXICA 7  
Gobernanza e política turística

PLAN DE ACCIÓN 7.4

**PAPEL DOS  
XEODESTINOS**



# 2

## DESTINO COUREL: XEODESTINO E LOCALIZACIÓN

## 2. DESTINO COUREL: XEODESTINO E LOCALIZACIÓN

O **Courel** é unha serra cunha extensión de 21.020 hectáreas que, ademais de ser xeoloxicamente a máis completa das serras galegas, é un dos territorios máis antigos da península.

As súas montañas constitúen o primeiro e único Xeoparque en Galicia, declarado Xeoparque Mundial da UNESCO dende abril de 2019. Están situadas no sueste da provincia de Lugo e comprenden os municipios galegos de Ribas de Sil, Quiroga e Folgoso do Courel.

A Serra esténdese dende Quiroga ata Pedrafita do Cebreiro. Pola comarca fórmanse profundos vales con diversos ecosistemas, que limitan coa provincia de León, facendo dela unha das zonas con máis biodiversidade de Galicia.

Coñecer as rochas do seu rico patrimonio xeolóxico é viaxar aos antigos océanos paleozoicos onde comezou a desenvolverse a vida, cuxos restos fósiles inclúen arqueociatos, trilobites, cefalópodos e crinoideos. A súa gran paisaxe varía ao longo de todo o ano, dende o permanente verde de pinos e acevos, ata os outonais amarelos e vermellos dos castaños e carballos. É o hábitat de importantes especies de animais endémicos como bolboretas, xabarís, corzos ou o oso pardo, quen compartiu no pasado as covas co oso das cavernas. A convivencia foi posible gracias ás máis de 220 alvarizas que hai na zona, que protexían no seu interior as colmeas do rico mel do Courel.

Xeodestino Courel representa a unión de catro concellos a través dun novo destino turístico e competitivo; Folgoso do Courel, O Incio, Samos e Triacastela, polo cal pasa o camiño francés. Tómase como punto de partida o estudo do ano pasado nos diferentes concellos, nos cales se levou a cabo un gran traballo de investigación e posta en valor dos distintos produtos turísticos.

O seu obxectivo, ademais de abarcar a unión dos catro concellos citados, pretende moito máis ca iso, fortalecer e empoderar a imaxe dos empresarios e do entorno; crear neste destino, un punto de referencia turístico; fomentar o desenvolvemento sostible, etc.





**3**


**PRODUTOS ESTRELA DO  
DESTINO COUREL**

### 3. PRODUTOS ESTRELA DO DESTINO COUREL

A riqueza da gastronomía do Courel, baséase principalmente nos alimentos máis característicos da zona como as **castañas** e o **mel**, que serán o foco central da proposta que se presenta.

Xusto agora no outono, estase a vivir a época da **castaña**, un dos manxares que manan da súa terra. Antigamente, era un produto protagonista nos pratos principais, incluso eran utilizadas para substituír ás patacas ou ao pan en épocas de máis pobreza. Existen variedade de pratos ou receitas que normalmente se coñecen gracias ás festas gastronómicas realizadas na zona ou á iniciativa dalgún restaurante (castañas crúas, confeitadas, compañeiras en salsas, tartas...). Sen embargo, unha das tradicións máis clásicas é a das castañas asadas, coa chegada dos magostos, a xente reúnese ao redor da fogueira mentres estas se fan. Sen dúbida, este produto marca a paisaxe do Courel, abundante en castaños, árbore que ademais de embelecer, protexe e mellora o ecosistema.

Outro dos grandes produtos típicos e o **mel**, que ao igual que a castaña, pode incluírse en diferentes receitas, así como, acompañamento, edulcorante, etc. Entre todos os que se producen na serra, destaca o mel de castaño, escuro, de sabor intenso e cun forte aroma a flor ou de breixo, cun ton avermellado e sabor amargo, máis típico en zonas con matogueiras. Moitas das colmeas, encóntranse en alvarizas, que son construcións circulares de pedra onde se gardan as colmeas; foron construídas para protexer o mel dos osos pardos e repartidas por ladeiras e zonas angostas.



# 4

## ACTUACIONES DO PROXECTO

## 4. ACTUACIÓNS DO PROXECTO

Co obxectivo de dinamizar turisticamente o territorio, levaranse a cabo unha serie de actuacións no **Destino Courel**.

- Creación do Club de Produto Turístico Gastronómico da castaña e o mel "**Destino Courel**".
- Obradoiro de emprendemento "**Destino Courel**".
- Xornada de creación de experiencias turísticas "**Destino Courel**".

Tendo en conta que a actuación estrela do Xeodestino vai a ser a **Creación do Club de Produto Turístico Gastronómico da castaña e do mel**, vamos a desenvolver a súa posta en marcha nunha serie de accións, as cales citamos e desenvolvemos a continuación:

- ❖ Estudo da posta en marcha do Club de Produto Turístico Gastronómico.
- ❖ Elaboración das bases do Club de Produto Turístico Gastronómico.
- ❖ Xornadas de presentación e Showcooking.

Unha vez realizado o estudo da posta en marcha e a elaboración das bases do Club, organizarase unha xornada de Presentación.

Para desenvolver as diferentes actuacións, implicaremos a todas as persoas interesadas da zona, contactando tamén con outras entidades públicas e privadas, así como colaboradores interesados no desenvolvemento do territorio.



*As actuacións programadas para o Xeodestino Courel contribúen á consecución dos obxetivos definidos pola Xunta de Galicia no Plan Director 2021 - 2023 Galicia Destino Seguro.*



# 4. ACTUACIÓNS DO PROXECTO

## 4.1. OBRADOIRO DE EMPRENDEMENTO “DESTINO COUREL”

Un dos pilares básicos do emprendemento local radica no nivel de desenvolvemento do entorno, onde o emprendedor pretende executar a súa actividade. Factores como a cultura, a formación e incluso a financiación ou o apoio dispoñible por parte das entidades públicas dun lugar son fundamentais na toma de decisións, os valores adquiridos, a traxectoria e o éxito dunha actividade empresarial no mesmo.

As iniciativas a nivel de Xeodestino e a aposta por proxectos diferenciadores son vitales para poñer en valor o talento presente no territorio. Tratándose nun primeiro lugar de proxectos sustentables dende o punto de vista ambiental e económico.

Baixo esta premisa básica, e nesta aposta do destino polo talento e os proxectos sustentables, cremos que é necesario e se propón ofrecer aos emprendedores e produtores locais do Courel, O Incio, Triacastela e Samos, ampliar a súa formación a través do desenvolvemento dun obradoiro de emprendemento **Destino Courel** sobre o mundo da castaña e o mel.

Entre os tipos de negocio aos que irá dirixido este tipo de formación encóntranse negocios de restauración, obradoiros de pastelería e confituras, produtores de experiencias turísticas, produtores de mel, artesáns, comerciantes, etc.

## MÉRCORES 24 NOVEMBRO

### PROGRAMA

**16:00 – 16:15 h.** - Benvida e introdución ao workshop.

**16:15 – 16:45 h.** - Cultura emprendedora: dos 0 os 100 anos.

**16:45 – 17:15 h.** - Teña ou non teña un negocio; como podo rentabilizar a miña estrutura ou o meu territorio?

**17:15 – 18:00 h.** - Análise de casos de éxito: proxectos de emprendemento para a potencialización de produtos locais no destino.

**18:00 – 18:30 h.** - PAUSA CAFÉ & NETWORKING.

**18:30 – 19:00 h.** - Oportunidades no Destino Courel.

**19:00 – 19:30 h.** - Emprender coa castaña e o mel, unha oportunidade de negocio.

**19:30 – 20:15 h.** - Dinámica do descubrimento.

**20:15 – 20:30 h.** - Recapitulación e Clausura.

*Esta acción contribúe á consecución da liña estratéxica “apoio ao tecido empresarial”, enmarcado no Plan Director 2021 - 2023 Galicia Destino Seguro.*

# 4. ACTUACIÓNS DO PROXECTO

## 4.2. XORNADA DE CREACIÓN DE EXPERIENCIAS TURÍSTICAS DO “DESTINO COUREL”

Co obxectivo de dinamizar turísticamente o territorio, unha das accións máis importantes a desenvolver será a celebración dunha Xornada de Creación de Experiencias Turísticas “**Destino Courel**”.

Crear experiencias implica apostar polo local, pola orixe e pola propia esencia de cada destino. Significa ofrecer unha alternativa aos consumidores, permitíndolles interactuar de forma máis activa, sensitiva e emocional co entorno.

A través da creación de experiencias turísticas por parte dos produtores do territorio, presentase un novo nicho, aparte de visibilizar o potencial turístico do destino dando a coñecer os seus produtos ou servizos, o talento dos seus profesionais e creando á súa vez novas oportunidades.

O desenvolvemento de novas experiencias supón para os produtores abrir unha nova liña de negocio que lle axude a rentabilizar a súa estrutura e diversificar a súa actividade. Unha proposta de colaboración innovadora que permite beneficiarte do traballo en rede e da ventaxa de utilización das novas tecnoloxías; para atraer recursos e poboación ata os destinos locais.

Para que unha actividade ou conxunto de actividades sexan consideradas “experiencias”; **TURESPAÑA** e a **Subdirección General de Desarrollo y Sostenibilidad Turística da Secretaría de Estado de Turismo** (SEGITTUR), definiron que as mesmas deberán cumprir varios dos seguintes criterios:

- Carácter auténtico, diferencial, innovador.
- Entorno ou escenario singular.
- Acceso limitado.
- Permitir a socialización ou interacción co entorno.
- Con alto potencial de aprendizaxe.
- Ter un carácter temático.
- Ofrecer diversión, relaxación ou evasión.
- Provocar unha “descarga de emocións”.

Co turismo experiencial preséntase unha oportunidade para aportar valor ao produto, para axudar a comercializalo e a posicionalo dentro dun mundo cada vez máis competitivo, pero tamén máis colaborativo. Unha fórmula que permite non perder nin a identidade nin a esencia das materias primas que proveen os recursos naturais e os cidadáns do “**Destino Courel**”.

*Esta acción contribúe á consecución da liña estratéxica “apoio ao tecido empresarial”, enmarcado no Plan Director 2021 - 2023 Galicia Destino Seguro.*

# 4. ACTUACIÓNS DO PROXECTO

## 4.3. XORNADA DE PRESENTACIÓN DO CLUB DE PRODUTO TURÍSTICO GASTRONÓMICO DA CASTAÑA E DO MEL

Un **Club de Produto Turístico** baséase na alianza entre empresas ou organismos dun destino turístico, neste caso, O Courel, que acordan traballar en unión para a creación e o desenvolvemento de estratexias de impulso de produtos turísticos especializados da zona. Neste Club, centrarémonos e desenvolveremos o produto de turismo gastronómico sobre a castaña e o mel, aportándolles valor e calidade.

Para crear un club de produto turístico gastronómico débese elaborar un plan de xestión e acción, así como realizar unha análise profunda do sector, aportando ideas ou visións novas para alcanzar ou manter ese nicho de mercado. Os servizos non se ofertarán como tal, senón que venderase a súa experiencia. Esta análise debe estar chea de creatividade e orixinalidade, co fin de facela sustentable.

En concreto, o **Club de Produto Turístico Gastronómico da castaña e o mel**, consiste na integración de recursos turísticos e gastronómicos baixo o denominador común de ofrecer garantía de calidade, revalorización, promoción e mellora da zona, facilitando a comercialización conxunta e impulsando o desenvolvemento económico e social do Courel.

### Quen se beneficia dun club de produtos turísticos?

Aínda que se pode pensar que unicamente se benefician os empresarios, vaise máis aló diso, xerando unha serie de interaccións nas que o mercado e a zona vense beneficiados tamén, xa que todos poden participar de maneira activa.

### Que caracteriza un club de produtos turísticos?

- Alcanzar os obxectivos de todos, primando o beneficio común.
- Que todos os participantes teñan a oportunidade de dar a coñecer o seu produto.
- Empoderar o negocio, debido á planificación e colaboración conxunta dos membros.
- Centrarse nunha temática específica: gastronomía da castaña e o mel.
- Manter aos clientes ben informados.

### Cales son os obxectivos dun Club de Produto Turístico Gastronómico?

- Maximizar a competitividade da oferta mediante a interacción asociativa dos membros.
- Conservar e difundir o patrimonio da zona, O Courel.
- Impulsar un produto turístico gastronómico, como a castaña ou o mel.
- Poñer en valor os produtores e os elaboradores dos produtos.
- Fomentar o desenvolvemento de actividades gastronómicas turísticas.
- Posicionar e fortalecer a imaxe do territorio como destino gastronómico e turístico.
- Crear oportunidades de negocio na zona.
- Mellorar o intercambio de información entre os membros.

# 5

## CRONOGRAMA DE ACCIONES



# 5. CRONOGRAMA DE ACCIÓNS

	NOVEMBRO			DECEMBRO
	venres 12	mércores 24	xoves 25	mércores 1
<b>Rolda de Prensa de Presentación</b> do <i>Destino Courel</i>				
<b>Obradoiro</b> de emprendemento <i>Destino Courel</i>				
<b>Xornada de creación</b> de experiencias turísticas <i>Destino Courel</i>				
<b>Xornada de presentación</b> do Club de Produto Turístico Gastronómico da castaña e do mel				

Máis información e inscricións en [www.destinocourel.org](http://www.destinocourel.org) no apartado de ACTIVIDADES  
ou a través do correo electrónico [vive@destinocourel.org](mailto:vive@destinocourel.org)

VÉMONOS  
NO COUREL!



[www.destinocourel.org](http://www.destinocourel.org)

[vive@destinocourel.org](mailto:vive@destinocourel.org)

galicia



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA

2021